

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS A TRÁMITE PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2023 NO CAMPUS DE VIGO

Por resolución reitoral do 15 de febreiro de 2023 publícase a convocatoria de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2023.

Unha vez efectuada a revisión das solicitudes presentadas, de cara a comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión previstos na convocatoria e de acordo coas competencias conferidas, esta reitoría **RESOLVE**:

1. **Aprobar a publicación da listaxe provisional das solicitudes admitidas e excluídas** a trámite para a organización de cursos de extensión no ano 2023 no campus de Vigo (véxase o anexo I e anexo II).
2. Establecer un prazo de **alegacións de 5 días hábiles**, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas. Este prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

A persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

O reitor

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Susana Reboreda Morillo



Anexo I**Solicitudes admitidas**

Non hai

Anexo II**Solicitudes excluídas**

Título do curso de extensión	Persoa encargada da dirección do curso	Motivo da exclusión
Leccións de literatura rusa dos séculos XIX e XX	Manuel Angel Candelas Colodrón	(1)
Fai o teu propio satélite	Manuel Diz Folgar	(1) (6) (7) (8)
Compás para tradutores e tradutoras: catro puntos cardeais da práctica profesional	Oscar Ferreiro Vázquez	(1) (9)
Patrimonio natural e cultural do Bierzo (XI). Sen ciencia non hai futuro	Josefa Garrido González	(1) (4) (5)
Termalismo e cosmética termal	José Luis Legido Soto	(1) (2) (3)

Motivos de exclusión:

- (1) O apartado "Ingresos por matrículas" do orzamento non está calculado para o número mínimo de alumnado do curso
- (2) As contías que figuran no apartado D "Orzamento do curso" non coincide coa suma das indicadas no apartado C "Custo do persoal docente".
- (3) A cantidade que figura no apartado "outros gastos" do orzamento, non se corresponde coa que figura nos xustificantes.
- (4) A suma das horas do programa non coincide coas horas totais do curso, indicadas na solicitude.
- (5) O importe que percibirán as persoas conferenciantes por hora de dedicación a actividades presenciais (aulas, conferencias, mesas redondas, etc.) non debe ser superior a 100 €)
- (6) Soamente se permite que ostente a dirección do curso unha persoa.
- (7) Non se permiten horas de traballo do alumnado e tódalas horas do curso serán de docencia presencial.
- (8) Se existe financiamento externo, deberá indicar a contía e achegar a documentación acreditativa expedida pola entidade ou institución correspondente, e no suposto que a Universidade de Vigo perciba ingresos deberá achegarse o oportuno convenio debidamente asinado no que se detalle tal achega.
- (9) O importe total da manutención non poderá superar a cantidade de 41,14 € por persoa e día (no caso de facer noite) e de 20,57 € (se non se fai noite).

